

**ORDENANZA FISCAL Nº II.11 REGULADORA
DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS
INSTALACIÓNS EXISTENTES NOS
MERCADOS DESTE CONCELLO**

NATUREZA E FUNDAMENTO

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello ó obxecto de fixa-la estrutura, contía e demais aspectos necesarios para axiliza-la xestión e recadación da TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES NOS MERCADOS DESTE CONCELLO, acorda:

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúe o feito imponible desta Taxa as seguintes utilizacións de postos:

- a) Postos fixos, en locais pechados, con utilización permanente.
- b) Postos fixos, en locais abertos, con utilización permanente.
- c) Postos por día, nas bancadas xerais.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal, as persoas ou Entidades que utilicen os postos dos mercados do Municipio, para exercer-las actividades de compra-venda dos artigos que se especifican nas tarifas.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

CONTÍA

ARTIGO 5

A estrutura e contía desta Taxa será a que figura na seguinte

TARIFA

PRAZA DE ABASTOS DE VILAGARCÍA:

	€
Por concesión e ocupación de postos cerrados no exterior da praza de abastos, zona H números 1 ó 23 e da zona D, o número 33 e 34, cada mes	64,25
Id.id. postos exteriores zona I, do 1 ó 6	59,05
Id. id no interior de prazas para vendas de carnes, ó mes	37,30
Por concesión e ocupación dos demais postos pechados no interior de cada praza de Abastos	37,30
Postos abertos no interior da Praza de Abastos (mesas peixeiras)	26,90
Postos abertos no interior da Praza de Abastos (resto mesas)	24,85

PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN:

	€
Por concesión e ocupación de postos pechados no interior destas prazas, para vendas de carnes, ó mes	31,05
Id. id dos destinados a outras vendas	24,85

OCUPACIÓN DE POSTOS LIBRES NO INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS:

	€
Con legumes, froitos e outros, na mesa ata 2 M/2, por día	2,10

EN VILAXOÁN:

	€
Con peixe, marisco, na mesa de ata 2 M/2, por día	1,85
Con legumes, froitos e outros, na mesa ata 2 M/2, por día	1,05

UTILIZACIÓN DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS:

	€
Por cada caixa, cesta ou similar, por día	1,30

OBSERVACIÓNS:

Para que calquera clase de mercadoría quede exenta do pago desta Taxa, deberá vir consignada directamente ó comprador, sen que poida destinarse á venda ambulante, ou posto fixo.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 6

1.-As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2°.-As concesións de uso e disfrute de instalacións dispoñibles outórganse provisionalmente a petición da parte interesada pola Xunta de Goberno Local, ou o Sr. Alcalde, e con carácter permanente a medio de subastas que se celebrarán segundo o establecido na normativa legal aplicable á Administración Local.

3°.-As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos fixos regulados nesta Ordenanza Fiscal deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realiza-lo depósito previo o que se refire o artigo seguinte.

4°.-O encargado do mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio, relación de tódolos obrigados ó pago por instalacións fixas, indicando a súa numeración, destino e cota sinalada, para que tanto a Intervención coma a Administración de Rendos, poidan computalas cos antecedentes das súas respectivas oficinas. Remitirá, así mesmo, mensualmente relación de altas e baixas ocorridas con expresión das datas que teñan lugar.

5°.-As persoas interesadas en ocupar postos por día, deberán solicitalo por escrito, cumprimentan-

do o formulario pertinente, ven no propio Concello ou a través da sede electrónica.

6°.- O pago da taxa deberá ser obxecto de domiciliación bancaria, mediante a consignación do IBAN NO FORMULARIO DE SOLICITUDE. Os cargos efectuaranse por períodos completos. Cando o interesado solicite a baixa, esta terá efectos no período seguinte ao da súa solicitude.

DEVENGO

ARTIGO 7

1°.- A devindicación da Taxa regulada por utilización de postos fixos, nace:

- a) Concesións provisionais: No momento da súa concesión.
- b) Concesións permanentes: Unha vez adjudicadas e notificadas e antes de entrar no uso e goce dos postos.
- c) Concesións xa autorizadas: O día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pago do Taxa realizarase:

a) *Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, sempre antes de retirar a correspondente licenza. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/88, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ao concederse a licenza correspondente.*

Unha vez incluídos na relación de usuarios, o pago farase mediante cargo na conta sinalada para a domiciliación bancaria, segundo dispón o artigo 6.6° da presente ordenanza.

O cargo terá carácter mensual no caso das ocupacións reguladas nas tarifas PRAZA DE ABASTOS DE VILAGARCIA e PRAZA DE ABASTOS DE VILAXOÁN.

O cargo terá carácter trimestral no caso das ocupacións reguladas nas tarifas OCUPACIÓN DE POSTOS LIBRES NO INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS e UTILIZACIÓN DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS.

b) *Tratándose de concesións de aproveitamentos xa prorrogados unha vez incluídos na relación de usuarios, nos períodos que se sinalan no punto a).*

c) *No caso de baixa ou cesión, para as ocupacións que teñen establecido o cargo con carácter trimestral, ratearase a tarifa por meses completos. Para as ocupacións que teñan establecido o cargo con carácter mensual, a baixa ou cesión producirá efectos no mes seguinte ao da solicitude.*

CADUCIDADE

ARTIGO 8

As Concesións de uso e goce de calquera natureza considéranse caducadas, declarándose dispoñibles as instalacións en calquera dos seguintes casos:

- a) A petición dos adxudicatarios.
- b) “Mortis Causa”, agás o disposto no artigo 12.
- c) A causa do incumprimento por parte dos concesionarios de obrigacións de orde sanitario e das que sinale o texto desta Ordenanza e demais disposicións aplicables.
- d) Por falta de pago de calquera dereitos ó Concello debidos por razón da industria que na instalación exerza, ou pola tardanza en verificalos polo espazo de tempo superior a un mes.
- e) Cando transcorran máis de sesenta días en proceder á posta en marcha da industria para a que foi adxudicada unha instalación, ou se suspenda o seu exercicio polo mesmo período de tempo.
- f) Polo incumprimento de calquera outras obrigacións acordadas ou que se acorden no sucesivo.

Nos casos da letra e) non terá efecto a caducidade da concesión cando se estea ó corrente no pago dos dereitos e non sexa solicitada por outras persoas a utilización das casetas para vendas.

Tanto cando se trate de declarar a caducidade dunha instalación, coma cando se pretenda deixala sen efecto, será previo acordo do Concello, visto o informe do Interventor.

Os adxudicatarios que sexan desposuídos dos seus dereitos polos motivos arriba sinalados, non terán dereito a ningunha indemnización.

TRANSFERENCIA

ARTIGO 9

- a) Por sucesión hereditaria entre pais e fillos e entre cónxuxes.
- b) Por actos “inter vivos”.

En ambos casos con actualización do canon mensual e demais dereitos que se fixan no artigo quinto.

ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2022, e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 19/03/2012
PUBLICADO BOP: 11/02/2013
PUBLICADO BOP: 30/12/2013

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 28/12/2022